



Anuncio da Resolución de Alcaldía núm. 2026-0143, do 2 de xaneiro, pola que se aproban as bases e a convocatoria do Concurso de Entroido 2026.

O Concello de Porto do Son, a través da Concellería de Cultura, convoca unha nova edición do Concurso de Disfraces e Comparsas de Entroido.

1. Estas bases se regulan na Ordenanza reguladora da Concesión de Subvencións por parte do Concello a asociacións e entidades sen fin de lucro existentes no Concello publicadas no BOP nº 153 do 4 de xullo de 2008.

2. Os créditos orzamentarios ós que se imputan os premios resultantes deste concurso ascenden en total a un máximo de 3.775,00€ que se imputarán con cargo á aplicación 338.48000 do orzamento vixente.

3. O obxecto e finalidade do presente Concurso de Entroido é o fomento e participación cidadá na celebración do mesmo así como potenciar a actividade lúdica. Rexeitaranse aqueles disfraces/actuacións que atenten contra a dignidade das persoas ou vulneren os valores e dereitos recoñecidos na Constitución.

Queda expresamente prohibido o uso de pirotecnia quente, incluíndo foguetes, petardos, bengalas, tracas ou calquera outro artefacto pirotécnico que xere chama, faíscas ou calor, co fin de garantir a seguridade das persoas participantes e do público asistente.

4. O Concurso de Entroido 2026 celebrarase os seguintes días nas categorías, días e lugares que se sinalan de seguido:

	CATEGORIAS	DATA DE CELEBRACIÓN	LUGAR DE CELEBRACIÓN
CONCURSO INFANTIL	a) INDIVIDUAL b) PARELLA c) GRUPO	SÁBADO, 14 DE FEBREIRO	EXPLANADA PORTUARIA
CONCURSO MAIORES	• INDIVIDUAIS/ PARELLAS • GRUPOS • COMPARSA	LUNS, 16 DE FEBREIRO	

*EN CASO DE CONDICIÓ METEOROLÓXICAS ADVERSAS OS RESPECTIVOS CONCURSOS CELEBRARANSE NO POLIDEPORTIVO SANTA IRENE.

5. Para poder participar e optar aos premios é imprescindible ser persoa física non estando permitido a presentación de instancias a nome de asociacións. Quenes participen nos concursos só poderán inscribirse nunha categoría/modalidade e só poderán optar a un premio.

No caso de concursar en grupo ou comparsa, deberanse indicar os representantes do grupo ou comparsa, na inscrición que se presente no rexistro administrativo do





Concello de Porto do Son, sendo estes quenenes percibirán o premio no caso de resultar elixidos.

A solicitude de inscrición se achega a estas bases como **Anexo 1** para o Concurso dos Maiores, e **Anexo 2** para o Concurso Infantil, indicándose en cada un deles, as seguintes categorías nas que se vai a participar.

A. CONCURSO INFANTIL, para todos os rapaces ata os 12 anos incluídos.

- a) Categoría Individual: estará composta por 1 compoñente.
- b) Categoría Parella: estará composto por 2 compoñentes.
- c) Categoría Grupo: estará composto por 3 ou máis compoñentes.

B. CONCURSO DOS MAIORES

- a) Categoría Individual / Parella (1 /2 membros): poderá participar 1 único membro (individual) ou 2 membros (parella)
- b) Categoría Grupo: 3 membros de trece ou máis anos.
- c) Categoría Comparsa: grupo de persoas integrado por número igual ou superior a 15 membros con murga contando cun mínimo de 6 persoas de trece ou máis anos.

Todas as solicitudes de inscrición deberán presentarse debidamente cumprimentadas dentro do prazo que se produza dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (que se realizará a través da Base de Datos Nacional de Subvencións) **ata o día 13 de febreiro de 2026 ata as 11.00h.**

As solicitudes poderán realizarse de xeito presencial no Rexistro Xeral do Concello ou de xeito telemático a través da sede electrónica.

Xunto coa inscrición, as comparsas deberán entregar a letra das murgas .

6. Desenvolvemento do Concurso infantil:

Os nenos disfrazados presentaranse o sábado 14 de febreiro na Praza de España de Porto do Son ás 17:00h onde comezará o pasarrúas, o cal baixará pola rúa Trincherpe ata a explanada portuaria na que terá lugar a actuación perante o xurado. Os mellores disfraces na categoría “Individual” e “Parella” serán nomeados Rei e Raíña do Entroido 2026 e deberán encabezar o desfile do luns de Entroido, en caso contrario non terían dereito a percibir o premio.

O desfile do luns de Entroido terá lugar o día 16 de febreiro ás 17:00h saíndo da Casa de Cultura ata o explanada portuaria.

A orde de participación no concurso determinarase atendendo á orde cronolóxica de inscrición, conforme á data e hora de entrada da solicitude no Rexistro do Concello.





En caso de que as condicións meteorolóxicas sexan desfavorables, celebrarase no polideportivo Santa Irene de Porto do Son.

7. Desenvolvemento do Concurso de Maiores:

A proba consistirá na participación no DESFILE que sairá da Casa da Cultura de Porto do Son o día 16 de febreiro ás 17:00h facendo un percorrido polas rúas de Porto do Son ata a explanada portuaria, onde terá lugar a actuación perante o xurado, que consistirá en cantar e representar a murga no escenario na categoría de Comparsas, e a exhibición como mínimo dos disfraces Individuais, de Parellas e Grupos.

Se os concursantes precisan de música específica, antes da actuación deberán entregar ao persoal do Concello encargado da organización, un dispositivo electrónico de almacenaxe de datos (pendrive) ca letra e música requirida. No caso de xurdir algún problema coa reprodución do arquivo entregado, empregarase a música prevista pola organización.

A orde de participación no desfile determinarase atendendo á orde cronolóxica de inscrición, conforme á data e hora de entrada da solicitude no Rexistro do Concello.

8. Baremo de puntuación no concurso infantil.

A puntuación obtida por cada participante infantil segundo a categoría será o resultado da obtida polas seguinte valoración:

CONCURSO INFANTIL- SÁBADO, 14 DE FEBREIRO CATEGORÍAS <u>INDIVIDUAIS</u> , <u>GRUPOS</u> E <u>PARELLAS</u>			
XURADO 1 (Presidente)	XURADO 2	XURADO 3	XURADO 4 (Xurado popular)
EXECUCIÓN E POSTA EN ESCENA	PERRUQUERIA E MAQUILLAXE	DIFICULTADE E BOA EXECUCIÓN DO VESTIARIO	ORIXINALIDADE
0-10	0-10	0-5 (comprado) 0-10 (feito)	0-10

9. Baremo de puntuación no concurso de maiores.

A puntuación obtida por cada participante segundo a categoría será o resultado da obtida polas seguinte valoración:

CONCURSO DOS MAIORES - LUNS 16 DE FEBREIRO CATEGORÍAS <u>INDIVIDUAIS</u> / <u>PARELLAS</u> , <u>GRUPOS</u> E <u>COMPARSA</u> .				
XURADO 1 (Presidente)	XURADO 2	XURADO 3	XURADO 4	XURADO 5 (Xurado popular)
ANIMACIÓN NO DESFILE (1) EXECUCIÓN E POSTA EN ESCEA (2)	PERRUQUERÍA E MAQUILLAXE	DIFICULTADE E BOA EXECUCIÓN DO VESTIARIO	MUSICA E LETRA (COMPARSA E GRUPOS)	ORIXINALIDADE
0-5 (1)	0-10	0-10	0-10	0-10





0-5 (2)				
---------	--	--	--	--

10. Composición e nomeamento do Xurado.

O concello como organizador dos concursos nomeará un Xurado que fará a proposta de outorgamento de premios. Os membros do xurado serán nomeados por decreto de Alcaldía e publicados polo Concello de Porto do Son o venres 6 de febreiro a través da súa páxina web. O xurado estará composto por 4 persoas na modalidade do concurso infantil e 5 persoas na modalidade do concurso de maiores, e o mesmo número de suplentes para cada unha das modalidades.

O xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións. A decisión do xurado será inapelable. O Xurado poderá declarar “desertos” calquera dos premios ou deixar fóra do concurso aos participantes se non reunisen as condicións mínimas establecidas nas presentes bases. O xurado do concurso terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

11. Sistema de obtención da puntuación.

No concurso **infantil**, a valoración do xurado profesional seguirá as seguintes regras:

- a) Cada un dos membros do xurado profesional valorará unicamente a categoría profesional asignada segundo se recolle no recadro mencionado anteriormente, do seguinte xeito:
 - a) O xurado 1 valorará unicamente a execución e posta en escena de cada un dos participantes.
 - b) O xurado 2 valorará unicamente a perruquería e o maquillaxe de cada un dos participantes.
 - c) O xurado 3 valorará unicamente a dificultade e a boa execución do vestuario de cada un dos participantes.
 - d) O xurado 4 (xurado popular). O xurado popular será escollido ao azar entre os asistentes ao Concurso. Valorará a orixinalidade dos participantes.
- b) A puntuación máxima a acadar nas distintas categorías do concurso de nenos (individuais, grupos e parellas) ascende a 40 puntos. En caso de empate, terase en conta o voto de calidade do presidente.
- c) A puntuación obtida por cada participante segundo a categoría será o resultado da obtida pola seguinte valoración de acordo co baremo que se indica no punto 8.

No concurso de **maiores** a valoración do xurado profesional seguirá as seguintes regras:





- a) Cada un dos membros do xurado profesional valorará unicamente a categoría profesional asignada segundo se recolle no recadro mencionado anteriormente, do seguinte xeito:
- O xurado 1 valorará unicamente a animación no desfile e a execución e posta en escea.
 - O xurado 2 valorará unicamente a perruquería e o maquillaxe.
 - O xurado 3 valorará unicamente a dificultade e a boa execución do vestiario de cada un dos participantes.
 - O xurado 4 intervirá unicamente na valoración de comparsas e grupos outorgando puntuación en relación coa música e a letra.
- e) O xurado 5 (xurado popular). O xurado popular será escollido ao azar entre os asistentes ao Concurso. Valorará a orixinalidade dos participantes.
- b) A puntuación máxima a acadar nas distintas categorías do concurso de maiores para as categorías de comparsas e grupos ascende a 50 puntos. No caso da Categoría Individual/ Parella a puntuación máxima será de 40 puntos. En caso de empate, terase en conta a puntuación do xurado 1 co voto de calidade do presidente.
- c) A puntuación obtida por cada participante segundo a categoría será o resultado da obtida pola seguinte valoración de acordo co baremo que se indica no punto 9.

12. Premios:

Os premios outorgaranse, en función das puntuacións máximas acadadas por orde de prelación segundo se detalla:

PREMIOS DO CONCURSO INFANTIL			
CATEGORÍAS	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO
INDIVIDUAL	70,00€	50,00€	30,00€
PARELLA	100,00€	60,00€	40,00€
GRUPO	150,00€	75,00€	50,00€

REI DO ENTROIDO	100,00€
RAIÑA DO ENTROIDO	100,00€

PREMIOS DO CONCURSO DOS MAIORES			
CATEGORÍAS	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO
INDIVIDUAIS /PARELLAS (1/2 membros)	200,00€	100,00€	50,00€
GRUPOS	500,00€	300,00€	200,00€
COMPARSAS	800,00€	500,00€	300,00€

Ao finalizar desfile, o xurado reunirse para a deliberación dos resultados, levantando acta da puntuación acadada polos participantes nas distintas categorías, e comunicando ao público e autoridades presentes os gañadores do concurso. Acto seguido farase entrega do diploma pola autoridade correspondente aos premiados. Os datos das persoas ou grupos gañadores comunicaranse mediante publicación do





número de inscrición (no rexistro de entrada) título ou temática do disfraz, e poboación.

Pagamento dos premios:

O pago do premios farase mediante transferencia bancaria, unha vez outorgado o mesmo mediante acordo da Xunta de Goberno Local, que será comunicada aos beneficiarios na dirección sinalada no momento da inscrición puidéndose requirir ao interesado os datos necesarios para facer efectivo o mesmo. Os premiados deberán remitir mediante sede electrónica a copia da inscrición, a copia do DNI dos premiados, e certificado de titularidade da conta bancaria.

No caso dos premios infantís, copia do libro de familia debendo ser a conta de abono do premio dun dos proxenitores.

No caso dos grupos e comparsas, relación de representantes e autorización asinada por todos eles, para que o pago do premio se faga na conta ou contas na que nelas se indique.

O prazo para a presentación da documentación será **ata o 16 de marzo de 2026**, e únicamente se admitirá a documentación presentada a través do Rexistro Xeral.

Será condición necesaria para a concesión e cobro do premio que o premiado se atope ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA e co Concello de Porto do Son, e ao corrente dos pagos coa seguridade Social, debendo acreditarse esta condición á data de marzo de 2026.

Todos os importes dos premios están afectados pola retención fiscal que lles corresponda segundo a súa natureza.

13. A participación no Concurso de Entroido implica o coñecemento e aceptación das presentes bases. A non observancia delas nalgún punto, por parte dos participantes dará lugar a súa inmediata descalificación.

14. Protección de datos

Segundo o establecido na vixente normativa de protección de datos persoais Regulamento (UE) 2016/679 – Regulamento Xeral de Protección de Datos – RGPD), infórmase aos participantes que os datos persoais que consten na solicitude serán tratados polo Concello de Porto do Son con CIF: P1507200B, que actuará como responsable do tratamento, coa finalidade de xestionar as inscricións no concurso e a entrega de premios. A base legal do tratamento é o artigo 6.1.e) RGPD: o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. A consulta de datos tributarios baséase no consentimento da persoa afectada.

Os datos serán conservados durante a tramitación do concurso e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar. Unha vez concluído o citado prazo, a conservación atenderase ao establecido nos calendarios de conservación





ditaminados pola Comisión Cualificadora de Documentos Administrativos do Concello publicados na páxina web municipal.

Os datos dos premiados nas categorías que inclúen prestación económica serán comunicados ás entidades bancarias con obxecto de realizar o seu abono, así como á Base de Datos Nacional de Subvencións, á Axencia Estatal da Administración Tributaria e aos organismos de control.

Así mesmo, coa finalidade de divulgar o concurso, procederase á difusión de imaxes (fotografías/vídeos) dos participantes e gañadores a través de perfís de redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram e Youtube), así como a web municipal do Concello de Porto do Son. A publicación en Facebook, Twitter, Instagram e Youtube conleva realizar transferencias internacionais de datos.

As persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, así como outros establecidos na normativa vixente de protección de datos mediante comunicación dirixida ao Concello de Porto do Son indicando no asunto Ref. Protección de Datos ou a través da Sede electrónica do Concello:
<https://portodoson.sedelectronica.gal/info.0>





ANEXO 1: FICHA INSCRICIÓN CONCURSO DOS MAIORES. CATEGORÍA COMPARSA

FICHA DE INSCRICIÓN	
Nome da Comparsa	
Tema	
Nº de membros	
Teléfonos contacto	
Imos utilizar música (risque o que corresponda) (Entregala ao técnico de son ou á organización antes do comezo do Concurso)	Si ☐ Non ☐
Vestuario	Feito ☐ Comprado ☐

Na Categoría Comparsa precísase un total de **catro** representantes

Nome e apelidos d@ representante 1	
Teléfono	DNI
Nome e apelidos d@ representante 2	
Teléfono	DNI
Nome e apelidos d@ representante 3	
Teléfono	DNI
Nome e apelidos d@ representante 4	
Teléfono	DNI





ANEXO 1: FICHA INSCRICIÓN CONCURSO DOS MAIORES. CATEGORÍA GRUPO

FICHA DE INSCRICIÓN (cubrir asociacións e non asociacións)	
Nome do Grupo	
Tema	
Nº de membros	
Teléfonos contacto	/
Imos utilizar música (risque o que corresponda)	Si ☐ Non ☐
Vestuario	Feito ☐ Comprado ☐

Na Categoría Grupo precísase un total de **dous** representantes:

Nome e apelidos d@ representante 1 (Requírese fotocopia DNI)	
Teléfono	DNI
Nome e apelidos d@ representante 2 (Requírese fotocopia DNI)	





ANEXO 1: FICHA INSCRICIÓN CONCURSO DOS MAIORES. CATEGORÍA INDIVIDUAL /PARELLA

FICHA DE INSCRICIÓN	
Nome e apelidos	
Tema	
Nº de membros	1 membro ☐ 2 membros ☐
Teléfonos contacto	
DNI (requírese fotocopia DNI)	
Utilizarei música (risque o que corresponda)	Si ☐ Non ☐
Vestuario	Feito ☐ Comprado ☐





ANEXO 2: FICHA INSCRICIÓN CONCURSO INFANTIL.

FICHA DE INSCRICIÓN	
Apelidos e Nome do nen@	
Data de nacemento	___/___/___
DNI (EN CASO DE TELO) (Requírese fotocopia DNI)	
Apelidos e Nome do pai e nai ou titor legal (requírese fotocopia DNI)	Pai: _____ Dni Pai: _____ Nai: _____ Dni Nai: _____ Titor legal: _____ Dni Titor legal: _____
Enderezo	
Nº teléfono	
Disfrace	
Categoría (Risque o que corresponda)	Individual ☐ Parella ☐ Grupo ☐

Asdo. Pai: _____ Asdo. Nai: _____ Asdo. Titor: _____

Data: _____

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR IMPRESCINDIBLE NO CASO DE SER PREMIADOS





CONCURSOS INFANTÍS E DOS MAIORES (mediante sede electrónica):

Non hai que entregar esta documentación no momento da inscrición.

- ✓ *Copia da ficha de inscrición*
- ✓ *Copia do DNI dos premiados*
- ✓ *Certificado de titularidad bancaria (de cada un dos representantes – nais, pais ou titores legais)*
- ✓ *No caso dos premios infantís, copia do libro de familia .*
- ✓ *No caso dos grupos e comparsas, relación de compoñentes e autorización asinada polos representantes, para que o pago do premio se faga na conta ou contas na que nela se indique.*
- ✓ *O prazo para a presentación da documentación será ata o **16 de marzo de 2026**, e únicamente se admitirá a documentación presentada a través do Rexistro Xeral.*
- ✓ *Será condición necesaria para a concesión e cobro do premio que o premiado se atope ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA e co Concello de Porto do Son, e ao corrente dos pagos coa seguridade Social, debendo acreditarse esta condición á data de 16 marzo de 2026.*
- ✓ *Todos os importes dos premios están afectados pola retención fiscal que lles corresponda segundo a súa natureza*
- ✓ *Declaración responsable de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias, coa seguridade social e non ser debedores por resolución de procedencia de reintegro.*

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ENCONTRARSE AO CORRENTE DAS OBRIGACIÓNS





TRIBUTARIAS, COA SEGURIDADE SOCIAL E NON SER DEBEDOR POR RESOLUCIÓN DE PROCEDENCIA DE REINTEGRO.

D/Dna. _____ con DNI _____

en representación do Individual/ Parella, Grupo, Comparsa (risque o que corresponda) _____ con domicilio social en _____.

DECLARA baixo a súa responsabilidade

QUE me atopo ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA e co Concello de Porto do Son, e ao corrente dos pagos coa seguridade Social e e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro,

E para que así conste, aos efectos do previsto no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvención e nos artigos 22- 25 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións, asino a presente declaracións.

_____, ____ de de 2026

Asdo. _____

